

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1. Na seguinte relación de minerais, cal inclúe só silicatos:
 - a) Moscovita, calcita, olivino, xeso. —> *calcita = carbonatos*
 - b) Biotita, seixo, olivino, hornblenda.**
 - c) Aragonito, magnetita, seixo, moscovita. —> *aragonito = carbonatos; magnetita = óxido*
 - d) Olivino, granate, xofre, halita. —> *xofre = elementos nativos; halita = haluros*
2. De cal dos seguintes minerais é característico o brillo metálico:
 - a) Calcita.
 - b) Moscovita.
 - c) Galena.**
 - d) Talco.
3. O xacinto de Compostela é :
 - a) unha variedade de seixo.**
 - b) un mineral de brillo metálico.
 - c) un mineral que se extrae en Galicia na actualidade.
 - d) un carbonato.
4. As series de reacción de Bowen refírense a:
 - a) orde de cristalización dos minerais en función da temperatura.**
 - b) o nivel de dureza dos minerais.
 - c) o comportamento dinámico dos minerais
 - d) minerais índice do metamorfismo.
5. Cal dos seguintes minerais adoita producir efervescencia ao aplicarlle un ácido?:
 - a) Olivino.
 - b) Seixo.
 - c) Limonita.
 - d) Calcita.**
6. Que propiedade dos minerais se aprecia na seguinte imaxe?:
 - a) Exfoliación.
 - b) Polimorfismo.
 - c) Duplo refracción (birrefrinxencia).**
 - d) Tenacidade.



7. Que tipo de carbón empregan os viveiros como substrato para o cultivo de plantas?:

- a) Hulla.
- b) Turba.
- c) Lignito.
- d) Antracita.

8. As estruturas da imaxe adxunta prodúcense principalmente por:

- a) hidratación.
- b) carbonatación.
- c) metamorfismo de contacto.
- d) hidrólise.



9. Cal das seguintes series de rochas corresponden exclusivamente a rochas sedimentarias detríticas?:


- a) Xisto, lutita (arxilita), basalto.
- b) Gneis, pudinga, areísca (pedra de gra).
- c) Conglomerado, lutita (arxilita), areísca (pedra de gra) .
- d) Conglomerado, mármore, xisto.

10. Cal das seguintes rochas se pode considerar un vidro volcánico?:

- a) Anfibolita.
- b) Obsidiana.
- c) Ecloxita.
- d) Sienita.

11. A textura da imaxe podería corresponder a rocha:

- a) Lousa.
- b) Gneis.
- c) Mármore.
- d) Xisto.



12. Os volcáns en escudo (típicos de Hawai) asóciase a :

- a) lavas cun alto contido en sílice e, polo tanto, moi fluídas.
- b) lavas cun baixo contido en sílice e, polo tanto, moi viscosas.
- c) lavas cun baixo contido en sílice e, polo tanto, moi fluídas.
- d) un elevado índice de explosividade.


13. A cidade da Coruña está situada na placa Euroasiática e Nova Iorque na Norteamericana. Cal é o movemento relativo entre ambas cidades?:

- a) Afástanse lentamente.
- b) Achéganse lentamente.
- c) A distancia entre elas non varía.
- d) A Coruña móvese cara o norte e Nova Iorque cara o sur.

14. As dolinas son depresións circulares típicas da paisaxe kárstica formadas por:


- a) Impacto de meteoritos.
- b) Disolución.
- c) Erosión diferencial.
- d) Fosas tectónicas.

15. Un sinclinal é unha dobra na cal:
- a) O material máis antigo está no núcleo.
 - b) O material máis plástico está no núcleo.
 - c) O material máis recente está no núcleo.
 - d) O material máis duro está no núcleo.
16. Os diapiros ou domos salinos fórmanse por deformación:
- a) Elástica.
 - b) Fráxil.
 - c) Sintética.
 - d) Viscosa.
17. Cando falamos dun sismo de 5,2 graos na escala Richter estémonos referindo á:
- a) intensidade.
 - b) magnitude.
 - c) vulnerabilidade.
 - d) exposición.
18. A charneira é:
- a) o ángulo que forma o plano axial coa vertical dunha dobra.
 - b) a zona de máxima curvatura da dobra.
 - c) a distancia entre o teito dun estrato a un lado e a outro dunha falla.
 - d) o bloque afundido dun manto de corremento.
19. Segundo Wegener:
- a) o Himalaia é un oróxeno de colisión.
 - b) a litosfera está dividida en placas tectónicas.
 - c) os continentes desprázanse sobre o fondo oceánico.
 - d) os polos magnéticos invértense cada certo tempo.
20. Os vales glaciares inundados polo mar denomínanse:
- a) rías.
 - b) esteiros.
 - c) fiordes.
 - d) lagoon.
21. A estrutura do centro da imaxe, sinalada cun punto, corresponde a:
- a) unha foxa oceánica.
 - b) un oróxeno de colisión.
 - c) unha dorsal oceánica.
 - d) unha zona de subdución



22. A maior probabilidade de incidencia de terremotos en Galicia dáse:
- a) no Monte Pindo.
 - b) no Cabo Ortegal.
 - c) nas Rías Baixas.
 - d) no triángulo de Sarria, Triacastela e Becerreá.

23. As lavas almofadadas (pillow lavas) van asociadas a:
- nubes piroclásticas.
 - erupcións submarinas.
 - tsunamis.
 - fumarolas andesíticas.
24. Os ripple marks ou rizaduras son:
- formacións kársticas.
 - marcas de erosión dos sedimentos glaciares.
 - un tipo de icnitas.
 - ondulacións nas areas das praias ou desertos.
25. A rocha característica da formación “ollo de sapo” en Galicia é:
- Granito de dúas micas.
 - Ecloxita.
 - Gneis glandular.
 - Lousa.
26. Un exemplo de relevo kárstico en Galicia estaría:
- na ría de Arousa.
 - no Complexo do Cabo Ortegal.
 - nas Illas Cíes.
 - en Mondoñedo.
27. Cal das seguintes afirmacións é correcta segundo a Tectónica de Placas?
- O continente africano estase fracturando polo leste.
 - A India sepárase de Eurasia.
 - O Mar Vermello estase pechando.
 - O Mar Mediterráneo estase expandindo.
28. En que zona do seguinte mapa están representados arcos illa?:
- A.
 - B.
 - C.
 - D.



29. Cal dos seguintes efectos se ve favorecido polos incendios forestais?:

- a) Erosión do solo.
- b) Efecto invernadoiro.
- c) Inundacións.
- d) Todos os anteriores.

30. A seguinte imaxe correspóndese con:

- a) Atolón.
- b) Tómbolo.
- c) Frecha.
- d) Delta.



31. Cal dos seguintes planetas do Sistema Solar presenta un maior número de cráteres na súa superficie?:


- a) Mercurio.
- b) A Terra.
- c) Xúpiter.
- d) Urano.

32. Dos recursos xeolóxicos de interese económico que se citan a continuación, cales non se atopan en Galicia?

- a) Lousa.
- b) Lignito.
- c) Diamante.
- d) Ouro.

CONTESTA AS SEGUENTES CUESTIÓN S SOBRE O CORTE XEOLÓXICO QUE APARECE A CONTINUACIÓN:

Lenda: A.-Granito. B.-Cuarzo. C.- Comeanas. D.- Lousas con trilobites. E.- Cuarzitas. F.- Calias con ammonites. G.- Arxilas. H.- Areiscas. I.- Conglomerados. K. Areiscas con ósos de mamut.



33. Observa as fallas representadas no corte e di cal das seguintes afirmacións é correcta:
- a) F1 é directa e F2 é inversa.
 - b) F1 é inversa e F2 é directa.
 - c) F1 e F2 son directas.
 - d) F1 e F2 son inversas.
34. Indica a orde correcta:
- a) Granito-dique-aureola-F1.
 - b) Granito-aureola-F1-dique.
 - c) Aureola-granito-dique-F1.
 - d) Granito-aureola-dique-F1.
35. A serie 2 é:
- a) unha intrusión.
 - b) unha regresión.
 - c) unha transgresión.
 - d) unha subducción.
36. O contacto entre F e E é unha:
- a) discordancia.
 - b) disconformidade.
 - c) paraconformidade.
 - d) concordancia.
37. Baseándote no contido en fósiles das súas series, os pregamentos (dobras) poden corresponder ás oroxenias:
- a) Serie 1 alpina e serie 2 varisca (hercínica).
 - b) Serie 1 varisca (hercínica) e serie 2 alpina.
 - c) Ambas series son variscas (hercínicas).
 - d) Ambas series son alpinas.
38. O sistema xeomorfolóxico da formación K é:
- a) Mariño.
 - b) Eólico.
 - c) Fluvial.
 - d) Glaciar.
39. O material K é de idade:
- a) Mesozoico.
 - b) Cuaternario.
 - c) Xurásico.
 - d) Carbonífero.
40. Que nivel de sedimentos da formación K é máis antigo?
- a) 1.
 - b) 2.
 - c) 3.
 - d) 4.